

O retorno ás cavernas. As investigacións arqueolóxicas nas cavidades de Galicia

ARTURO DE LOMBERA HERMIDA^{1,2}

¹⁾ *Institut Catalá de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES).*

Área de Prehistoria, Universitat Rovira i Virgili. (Email: alombera@iphes.cat)

²⁾ *Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste (GEPN).*

Dpto de Historia I, Universidade de Santiago de Compostela.

Resumo: Pese a que a primeira intervención arqueolóxica do Paleolítico se realizou no 1870 por Villa-amil y Castro nas cavidades do Concello de Mondoñedo (Lugo), a investigación da prehistoria galega marxinou os estudos sobre as ocupacións das cavidades cársticas. Se ben son escasos os terreos calcarios na nosa comunidade, os xacementos en cova ofrecen unha excelente conservación de rexistros e secuencias arqueolóxicas que axudan a completar os datos acadados no estudo dos xacementos ó aire libre.

Palabras clave: Paleolítico Medio, Paleolítico Superior, Plistoceno Superior, sistemas cársticos, NW Ibérico.

Abstract: Though the first paleolithic survey was carried out by Villa-amil y Castro at the earliest 1870 at the cave sites of Mondoñedo (Lugo), the karstic researchs have been fallen into oblivion. Limestone formations are not so widespread as other Iberina areas, but cave sites can provide an excellent preservation of archaeological records and sequences that can complete the data obtained from the paleolithic open air sites.

Keywords: *Middle Paleolithic, Upper Paleolithic, Upper Pleistocene, karstic systems, NW Iberia.*

1. Introducción

O NW Ibérico amosa unha grande variabilidade de medios e contextos xeomorfolóxicos onde é posible atopar vestixios das ocupacións máis antigas da Prehistoria galega. As terrazas fluviais da desembocadura do Miño, as depresións terciarias, as penchairs do litoral e interior galego e os abrigos rochosos do norte lucense, son unha mostra da variedade de hábitats e territorios que poboaron os homínidos do Plistoceno.

Se ben a traxectoria da investigación do Paleolítico non gozou da tradición e continuidade doutros períodos da arqueoloxía galega (SENÍN, 1995), sorprendentemente Galicia foi partícipe da dinámica pioneira das intervencións peninsulares e europeas. Na década de 1870, os traballos de Villa-amil y Castro nas cavidades mindonienses supoñen o punto de partida destes estudos cunha metodoloxía e formulacións teóricas que foron parellas dos coñecementos europeos da época (LLANA, 1994). Ao abeiro das teorías da época e baixo o paradigma dos hábitats cavernícolas, as súas intervencións centráronse nas cavidades calcarias de Mondoñedo, sendo a primeira a da Furada dos Cas. A meticolosidade na descrición e interpretación das actuacións amosa o grado de erudición e coñecemento das teorías científicas do seu tempo, se ben o contexto académico na Universidade, nun primeiro momento defensora do creacionismo e logo centrada no celtismo como fenómeno fundador da identidade galega, non posibilitou a difusión dos seus traballos quedando practicamente esquecidos durante varias décadas. Este contexto unido á vixencia do paradigma cavernícola do

Paleolítico nunha zona cun escaso desenvolvemento das formacións calcarias produciu o estancamento das investigacións arqueolóxicas sobre este período. Foi a visita de Hugo Obermaier, a comezos da década dos anos vinte do século pasado, a que produciu un cambio no paradigma e marcou a importancia dos hábitats ao aire libre nas terrazas e ribeiras fluviais así como nos abrigos rochosos que abundaban no noso territorio (OBERMAIER, 1923).

A raíz das observacións de Obermaier, a investigación das primeiras ocupacións humanas do NW peninsular estivo sempre moi focalizada nos xacementos ao aire libre, especialmente no tramo medio e baixo do río Miño, onde foron realizados os primeiros estudos de conxuntos líticos superficiais. Ao mesmo tempo, os traballos que se levaban a cabo na marxe portuguesa do Miño, serviron de incentivo para as investigacións galegas que progresivamente ían asimilando as ideas e paradigmas do país veciño (ÁVAREZ & BOUZA, 1949). Deste xeito, os numerosos achados e traballos que se realizaron converteron a zona do baixo Miño no principal foco de investigación, e así mesmo que constituíron os alicerces da investigación sobre os momentos máis antigos da Prehistoria galega. A escavación do xacemento das Gándaras de Budiño, no ano 1963, supuxo a súa consolidación final como referente no estudo do Paleolítico galego (AGUIRRE, 1964). Os achados desta zona correspóndense con numerosos xacementos ao aire libre, así como outros en posición estratigráfica nas terrazas do Miño ou nas depresións terciarias, vales ou penechairs próximas, destacando os xacementos das Gándaras de Budiño, Chan do Cereixo, ou Portomaior. (CANO *et al.*, 1997; 2000; MÉNDEZ, 2008; VILLAR, 2009).

Paralelamente, as intervencións realizadas na segunda metade do século XX en torno á cidade de Ourense coa escavación dos xacementos de A Piteira, Pazos e A Chaira, configuraron o segundo foco da investigación do NW, ligado, esta vez, a xacementos da propia depresión ourensá ou das penechairs circundantes (DE LOMBERA, 2005; VÁZQUEZ, 1973; VILLAR, 1997). As actuacións e descubertas nestas dúas áreas atraeron a atención dos estudosos da Prehistoria antiga, incrementando en gran medida o

número de xacementos e estacións paleolíticas nunha determinada zona, pero redundando nos coñecementos acadados. Soamente o interese doutros investigadores noutras áreas de Galicia (v.g. J. Ramil Soneira no norte lucense) contribuíu a ampliar o abano xeográfico e cronolóxico das ocupacións.

Deste xeito, nas décadas finais do século XX queda configurado o mapa do poboamento paleolítico do NW, que amosa importantes desequilibrios na súa representación. Os principais xacementos aparecen na contorna do tramo medio e baixo do río Miño, a costa Suroeste, Rías Baixas, penechairs ourensás e os abrigos rochosos do Xistral (v.g. CANO, 1991). O resto do territorio presenta grandes baleiros ou nubes de achados illados que deben ser considerados como indicios do poboamento desas áreas pero dos que non dispoñemos de moita información ó tratarse na maioría dos casos de descubertas superficiais escasamente publicadas.

Polo tanto, este patrón de distribución de xacementos non debe ser considerado como un reflexo real da densidade do poboamento paleolítico, senón da intensidade da tradición investigadora galega. As prospeccións que se levaron a cabo na depresión de Monforte de Lemos (FÁBREGAS *et al.*, 2007; 2008; 2009), así como na Serra do Bocelo (CRIADO *et al.*, 1991), son claros exemplos de como a aplicación de proxectos sistemáticos e con certa continuidade sobre unha área xeográfica concreta, achegan un importante número de descubertas en zonas até a data inéditas, amosando a variabilidade dos patróns de asentamento dos homínidos. Este factor, unido á práctica ausencia de datacións absolutas nos xacementos, imposibilita, a día de hoxe, a realización de estudos integrais sobre a evolución do poboamento durante o Paleolítico do NW, circunstancia que incide na necesidade de intensificar a investigación daquelas zonas que actualmente supoñen verdadeiros ermos.

A información dispoñible sobre o Paleolítico galego está baseada en gran parte nos xacementos e dispersións ó aire libre. Aínda que poden ofrecer un bo marco de referencia para a secuenciación da evolución do poboamento do Plistoceno, a incidencia dos procesos erosivos, a descontinuidade espacial das formacións

cuaternarias e a ausencia de secuencias estratigráficas, con varios momentos de ocupación, imposibilitan a realización de estudos detallados sobre a sincronía e diacronía dos xacementos. Só nos casos de espazos xeográficos concretos podemos atopar un bo marco de estudo, caso das terrazas fluviais do río Miño, ou, en maior medida, as ocupacións na depresión de Monforte de Lemos. A presenza dunha secuencia de ocupacións plistocenas nun mesmo espazo xeográfico ofrécenos a oportunidade de estudarmos a evolución tecnolóxica, dos criterios de abastecemento de materias primas e dos patróns de asentamento de diferentes especies de homínidos nun mesmo espazo, cuxo contexto medioambiental, a expensas dos cambios climáticos, foi máis ou menos constante (FÁBREGAS *et al.*, 2007; 2008; 2009; DE LOMBERA *et al.*, 2008). Así e todo, este tipo de estudos require dun importante esforzo na realización de programas de datacións absolutas e crítica contextual das mesmas para poder obter un bo marco interpretativo.

2. A marxe oriental de Galicia.

As principais formacións calcarias do NW e as súas posibilidades de estudo

Unha das principais características do Noroeste peninsular é a súa variedade de rexións xeográficas e xeolóxicas que configuran un espazo moi compartimentado, posibilitando a existencia de diferentes tipos de hábitats. Nesta diversidade de espazos reside a riqueza e potencialidade do noso territorio que lles permiten certa flexibilidade ás especies animais e vexetais na súa adaptación ás incidencias dos cambios climáticos que aconteceron durante o Plistoceno, ofrecendo áreas refuxio na franxa litoral e sublitoral durante os momentos de máxima rigorosidade, especialmente acusados nas zonas do interior e montaña (RAMIL *et al.*, 2005; GÓMEZ *et al.*, 2008). Pero ao mesmo tempo, os intensos episodios erosivos, dos que hai testemuños durante estas épocas, contribúen á deficiente preservación dos rexistros arqueolóxicos, truncando as secuencias ou desmantelándoas na súa totalidade (LLANA *et al.*, 1992). Consecuentemente, a investigación do Paleolítico ten que focalizarse naquelas áreas de importante

sedimentación cuaternaria (secuencias fluviais, depresións terciarias, cubetas endorreicas, cavidades cársticas) para procurar xacementos arqueolóxicos cunhas longas secuencias estratigráficas e conservación dos rexistros arqueolóxicos.

Neste contexto da investigación a parte oriental preséntase como unha das áreas do noroeste peninsular de maior interese de cara a artellar o poboamento paleolítico. Por unha banda, a súa condición de área limítrofe coa cornixa cantábrica, meseta occidental e norte de Portugal a través de vales, pasos montañosos, depresións e a franxa costeira, revélaa como unha área chave para establecer as vías de entrada e tránsito paleolítico do NW (DE LOMBERA *et al.*, 2008). A nivel rexional, os cursos máis importantes, o Miño e o Sil, xunto cos seus tributarios, artellan unha rede de comunicación entre os diferentes espazos do territorio transcorrendo en moitos dos casos entre as principais bacías terciarias (Quiroga, Valdeorras, Monforte de Lemos) e comunicánanas, a través dos cursos tributarios, coas formacións cársticas das montañas e penechairs interiores. Pero o principal interese da parte oriental de Galicia reside na conxugación das estruturas xeolóxicas que ofrecen datos complementarios para a investigación: as depresión terciarias; as cavidades cársticas; os afloramentos rochosos; e as terrazas fluviais. Hábitats nos que se documentaron varios xacementos arqueolóxicos e que achegan importantes datos de cara ao estudo da evolución tecnolóxica das comunidades, patróns de asentamento, estratexias de subsistencia e reconstrución paleo-ambiental.

A nivel de reconstrución paleo-ambiental, a zona oriental galega convértese no principal referente, xa que a maioría dos xacementos paleontolóxicos están relacionados con estas formacións, e ofrecen importantes datos de cara á reconstrución da fauna cuaternaria no NW peninsular (FERNÁNDEZ, 1993; GRANDAL *et al.*, 1997). Así mesmo, o importante desenvolvemento das formas e depósitos glaciais e periglaciais identificados nesta zona, fornécenos de información sobre a evolución das condicións climáticas no interior de Galicia durante os momentos finais do Plistoceno (PÉREZ *et al.* 1993; PÉREZ & VALCÁRCEL, 1997; VIDAL *et al.*, 1999).

Malia que a meirande parte dos asentamentos paleolíticos en Galicia se atopan ao aire libre, existe unha zona de especial interese, a zona calcaria galega. A súa importancia radica en que os hábitats nesta zona poden ofrecernos aqueles aspectos que os asentamentos ao aire libre non recollen: a conservación dos vestixios orgánicos (especialmente macro e microfauna) e unha mellor conservación do rexistro arqueolóxico a nivel espacial e estratigráfico. Esta circunstancia permitirá obter información máis completa sobre a reconstrución paleo-ambiental (a través dos restos paleontolóxicos, polínicos, antracolóxicos, etc.), as estratexias de explotación do medio e a economía das comunidades (aspectos zooarqueolóxicos, xestión de materias primas, etc.), aspectos sociais (presenza de fogares, estruturación de áreas de actividade), datacións e secuenciación das ocupacións, e incluso dos aspectos simbólicos das súas sociedades (como son os achados de colgantes en dente e cunchas mariñas das covas de Eirós e Valdavara, ou, no caso de apareceren, mostras de arte parietal, coma na cornixa cantábrica).

As formacións calcarias, a diferenza das rexións cantábricas, non teñen un desenvolvemento moi importante, e ocupan o 0.5% do territorio, xa que en Galicia dominan os substratos ígneos e metamórficos. Os afloramentos carbonatados localízanse exclusivamente na parte oriental das provincias de Lugo e Ourense en pequenas bandas que discorren dende o NE de Ourense (Rubiá) ata o NE da provincia de Lugo (desembocadura do Eo) (Figura 1). Dentro deste grupo de depósitos carbonatados pódense diferenciar tres grandes formacións que se datan no Cámbrico Inferior e Medio (sedimentadas nun ambiente de plataforma mariña) e no Ordovícico Superior (de orixe arrecifal) (TABOADA & SILVA, 1999).

— Calcaria de Cándana: Depósitos carbonatados da serie de Cándana Medio, no Cámbrico inferior. As calcarias e formacións marmóreas aparecen en capas de potencia e desenvolvemento moi variable, intercaladas entre as lousas de Cándana. Presenta un gran cambio lateral tanto en potencia como

en número de niveis carbonatados entre as formacións de arenita e lousa. No sector de Seoane do Courel presenta varios membros calcario-dolomíticos mentres que noutros sectores só presenta un nivel (Cadafresnas, Dragonte). Son calcarias grises con certa laminación paralela, visible cando a recristalización non é moi intensa. Dende o punto de vista da litoloxía son rochas formadas por dolomías con plaxioclasio, cuarzo, material arxiloso e outros elementos accesorios (óxidos de ferro), conservando unha gran xistosidade, o que provoca a formación de numerosas placas e gravas planas que adoitan aparecer como fábrica dos recheos sedimentarios destas cavidades.


— Calcaria de Vegadeo: Cámbrico inferior. É a formación de maior extensión do NW con grandes bancos que sobresaen no terreo. Presenta unha menor variabilidade lateral que a formación anterior, aínda que se poden apreciar diferenzas no seu espesor, acadando a maior potencia no sector de Becerreá, con 220 metros. Petrográficamente están formadas por dolomías ou calcitas que presentan certa xistosidade, marcada por finas ringleiras de moscovita.

— Calcaria de Aquitania: Ordovícico. Formación calcárea de posible orixe arrecifal que se asenta sobre as lousas de Luarca, e presentan unha potencia variable, que pode alcanzar os 200 metros. Formada por calcarias recristalizadas marmóreas con calcita como elemento principal e outros elementos accesorios (cuarzos, opacos e sericitas). A súa distribución é moito menor con respecto ás formacións anteriores e máis dispersa, quizais pola súa orixe arrecifal.

— Outras formacións calcarias: Ademais das anteriores, atopamos outras formacións que presentan un menor desenvolvemento nas que, debido á súa reducida potencia, non se atoparon estruturas cársticas de grande importancia que puideran ofrecer abrigo ás ocupacións humanas.

- Calcarias do Silúrico, cun metro de espesor máximo;
- Calcarias do Devónico que poden acadar os vinte metros de potencia.

Figura 1. Extensión das bandas calcarias no NW peninsular
(Modificado de Taboada & Silva, 1999)



Deste xeito, e sempre relacionadas coas dúas primeiras formacións, pódense identificar cinco zonas principais nas que se localizan os complexos cársticos de maior entidade e principais xacementos arqueo-paleontolóxicos: Mondoñedo (Lugo), onde destaca a cova do Rei Cintolo (VILLAR, 2003; 2007); val de Lóuzara (Samos, Lugo), coa cova de Eirós (FÁBREGAS *et al.*, 2009; NOGUEIRA; 1997); Furco-Becerreá, onde se atopan as covas de Valdavara, da Venta e Furco (FÁBREGAS *et al.*, 2008; GRANDAL *et al.*, 1997, VÁZQUEZ *et al.*, 2009); Pedrafita-O Courel (Lugo), con numerosas cavidades que achegaron restos paleontolóxicos (GRANDAL *et al.*, 1997); e finalmente a zona de Covas-Serra da Enciña da Lastra (Rubiá, Ourense) destacando o xacemento de Pala da Vella (FERNÁNDEZ *et al.*, 1993; VÁZQUEZ-MONXARDÍN, 1988).

As aproximacións arqueo-paleontolóxicas ó estudo das cavidades cársticas

Aínda que o coñecemento dos sistemas cársticos para a investigación científica se remonta a finais do século XIX, coas intervencións de Villa-amil y Castro na Furada dos Cas, non será ata mediados do século XX cando se retome o interese na investigación das cavidades, seguindo a dinámica que

se atinxira noutros territorios veciños. Malia a maior calidade do seu rexistro, é salientable o escaso interese que amosa a arqueoloxía galega sobre este tipo de contextos. A primeira expedición espeleolóxica galega organizada é a intervención en 1954 na cova do Rei Cintolo (Mondoñedo), a de maior percorrido de Galicia, (MASMA, 1988). Pero será a comezos dos oitenta do século pasado cando o labor dos grupos espeleolóxicos (Club Montañeros Celtas de Vigo, G.E. Vagalumes, Pena Trevinca, G.E.S. Ártabros, Grupo Maúxo, etc.) se vai intensificar notablemente, coa realización de levantamentos topográficos en numerosas cavidades que porán de manifesto a importancia paleontolóxica e arqueolóxica dos sistemas cársticos da zona oriental galega, especialmente na Serra do Courel, na Serra da Enciña da Lastra (Rubiá, Ourense) e parte dos Ancares. Mostra do auxe que logra a espeleoloxía nesas décadas é a aparición de varias publicacións periódicas especializadas editadas pola propia federación e clubs espeleolóxicos, nas que se recollen dunha maneira didáctica e sinxela diversas aproximacións sobre os sistemas cársticos, sobre os aspectos espeleolóxicos, biolóxicos, xeolóxicos, paleontolóxicos e arqueolóxicos (v.g. *Furada*, *Boletín Informativo do G.E.S. Ártabros*).

O aspecto máis salientable destas actividades, xunto co estudo topográfico das cavidades, é o seu carácter pioneiro nas prospeccións. A súa colaboración con investigadores da Universidade da Coruña (especialmente cos grupos G.E.S. Ártabros e Maúxo) posibilitou a descuberta de numerosos xacementos paleontolóxicos e abriría a porta a novos estudos paleo-ambientais relacionados cos momentos finais do Plistoceno Superior e inicios do Holoceno. Neste senso destacan as publicacións realizadas dende a revista *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe*. Os estudos céntranse na área de Pedrafita-Courel, na que o número de cavidades de longo percorrido é maior, destacando as covas de Valdeabraira, Praducelos, Purruña, etc. (ALBERTI, 1985; GOLPE & VIDAL, 1985; MONTESINOS, 1983; DE TORRES, 1983).

Froito desta colaboración, a finais da década dos oitenta e comezos dos noventa prodúcense as primeiras intervencións paleontolóxicas de carácter sistemático na cova de Eirós (Triacastela) e Liñares Sur (Pedrafita) (GRANDAL, 1993; LÓPEZ, 2003), así como numerosas prospeccións superficiais de varias covas (Cova da Ceza, Valdeabraira, etc.), que na meirande parte dos casos sacan á luz achados illados, especialmente de restos de úrsidos, aínda que existen covas cunha maior variedade específica identificada (Valdeabraira, Praducelos) (Figura 2). Os restos paleontolóxicos semellan corresponderse con momentos do Plistoceno Superior e Holoceno, cun rexistro no que domina a presenza de úrsidos (*Ursus spelaeus* e *Ursus arctos*) e cérvidos (*Cervus elaphus*), así como équidos, súidos e bóvidos, destacando as cavidades da cova de Eirós, Liñares Sur, Valdeabraira, Praducelos. (GRANDAL *et al.*, 1997; LÓPEZ & GRANDAL, 1998). Nunha explotación de Buxán foron atopados os únicos restos de proboscídeos do NW peninsular (*Elephas primigenius*) (TORRE, 1962). Malia a irregularidade das descubertas, na maioría dos casos monoespecíficas, os numerosos achados e, especialmente, os datos que achegan escavacións arqueolóxicas e paleontolóxicas permitiron realizar estudos sobre a reconstrución da fauna plistocena e incluso lograr interpretacións de certa entidade de carácter paleo-ambiental e paleo-ecolóxico (FERNÁNDEZ, 1993a, 2003; FERNÁNDEZ *et al.*, 1995; FERNÁNDEZ-MOSQUERA,



Figura 3. Escavacións paleontolóxicas na cova de Eirós

(Foto: Aurora Grandal D'Anglade)

1998; GRANDAL *et al.*, 1997; GRANDAL & LÓPEZ, 1998; LÓPEZ & GRANDAL, 1998).

Paralelamente ao auxe da espeleoloxía nos anos setenta e oitenta do século pasado, en Galicia comezan a producirse varios achados arqueolóxicos en covas, o que abre un novo campo de estudo sobre as sociedades prehistóricas e históricas no NW peninsular, aínda que na práctica até finais dos anos oitenta foron moi escasas e puntuais as intervencións de índole arqueolóxica que se realizaran. No ano 1976 foron levadas a cabo varias prospeccións arqueolóxicas dirixidas dende a Universidade de Santiago de Compostela co fin de comprender a antigüidade e evolución do poboamento histórico na Serra do Courel (LUZÓN *et al.* 1980). Se ben a meirande parte dos achados correspóndese con xacementos castrexos e romanos relacionados coas importantes explotacións auríferas da zona (v.g. Mina da Toca, Mina de Toribio), tamén foron revisadas unha serie de cavidades con evidencias de poboamento prehistórico. Entre elas destacan as covas do Oso, de Longo de Meo, do Eixe, de Tras da Lastra, etc. A revisión superficial da meirande parte das covas non ofreceu materiais paleolíticos aínda que algunhas presentan un importante recheo sedimentario nas súas entradas que puideran conter restos arqueolóxicos na súa estratigrafía. Se ben, a presenza de restos paleontolóxicos do Plistoceno, como xa vimos, é moi importante, nas cavidades do Courel os restos arqueolóxicos máis antigos son as cerámicas da Cova do Oso, adscritas a momentos finais da Idade do bronce e comezos da época castrexa (LUZÓN *et al.* 1980: 69).

Noutro marco xeográfico, e cun carácter moito máis modesto, cómpre salientar a prospección das cavidades da Serra da Enciña da Lastra (Rubiá, Ourense), que realizou Vázquez-Monxardín no ano 1984 (VÁZQUEZ-MONXARDÍN, 1988), e na que atopou varios obxectos en superficie nas Palas de Pumbeira, Cubelas e Pala C. Estas prospeccións serán o precedente das que realizou a comezos dos anos noventa dende a USC e que suporán a escavación do xacemento de Pala da Vella (FERNÁNDEZ *et al.*, 1993).

Non será ata 1987 cando se realice a primeira escavación arqueolóxica en cova de Paleolítico (Figura 3). Descuberta en 1960, a escavación da cova da Valiña (Castroverde, Lugo) descubriu unha ocupación do Paleolítico Superior inicial, así como restos de actividade de carnívoros debida, principalmente, á acción das hienas (LLANA & SOTO, 1991; FERNÁNDEZ, 1992/1993; VÁZQUEZ SEIJAS, 1965/66). Esta escavación é un fito na historia das investigacións paleolíticas en Galicia, coa realización dun estudo interdisciplinar baseado nos datos arqueolóxicos, paleontolóxicos e edáficos, que permitiu efectuar unha boa contextualización paleo-ambiental dos comezos do Paleolítico Superior en Galicia (LLANA *et al.*, 1996). Segundo as datacións radiométricas que se obtiveron e as características do conxunto lítico, o nivel de ocupación da cova da Valiña adscribiuse ao *Châtelperroniense*, converteuse na primeira evidencia do Paleolítico Superior inicial no noso territorio (LLANA & SOTO, 1991; LLANA *et al.*, 1996). Así e todo, as últimas revisións deste conxunto lítico coinciden en recalcar o aire «musteriense» das industrias e a ambigüidade das datacións, polo que algúns autores prefiren enmarcalo dentro dos conxuntos do Paleolítico Medio final (FÁBREGAS & DE LOMBERA, e.p.; MAÍLLO, 2008; MAROTO *et al.*, 2005; ZILHAO, 2006).

Ao fío desta intervención, nos anos 1989 e 1990, Soto Barreiro dirixiu unhas sondaxes en diversas cavidades situadas no entorno da cova do Rei Cintolo (SOTO, 1995). As intervencións tiñan como obxectivo a prospección superficial dos vestíbulos e a realización de pequenas catas para coñecer a súa potencia estratigráfica e constatar a evidencia de ocupacións antrópicas. Se ben nalgúns casos os resultados foron negativos, na cova



Figura 2. Escavacións na cova da Valiña (Foto: César Llana Rodríguez)

Senar, e nos vestíbulos das Furadas (Marianeta I, II, II e IV) a secuencia estratigráfica destas cavidades amosou a existencia de tres niveis, un deles un nivel de ocupación intacto con industrias líticas en seis asimilables ás que se atoparon na cova da Valiña (SOTO, 1995). Non existen máis referencias nin consideracións acerca da cronoloxía nin funcionalidade das ocupacións, pero pódense tomar como unha mostra da importancia das ocupacións cavernícolas no Paleolítico galego.

Na década dos noventa retómanse as intervencións na Serra da Encina da Lastra (Rubiá, Ourense), coa prospección de numerosas cavidades e coa realización de pequenas sondaxes no seu interior. O xacemento máis importante é o de Pala da Vella, con varios niveis arqueolóxicos da Idade do Bronce e a transición Neolítico/Calcolítico. O único nivel plistoceno semella ser un cubil de carnívoros (FERNÁNDEZ *et al.*, 1993; 2003). A única ocupación paleolítica na zona documéntase na Pala I del Arroyo del Pardellán, con restos líticos no interior dunha das bocas, así como na superficie dos terreos próximos, que preliminarmente se adscriben ao Paleolítico

Medio, aínda que o carácter superficial e pouco diagnóstico dos achados non permiten realizar maiores inferencias.

Finalmente, no ano 1993 realízase unha pequena sondaxe na cova de Eirós (Triacastela, Lugo), que xa fora inspeccionada anos antes na procura de restos de oso das cavernas (GRANDAL, 1993). A intervención pon ao descuberto a existencia de niveis adscritos ó Paleolítico Superior inicial (niveis II e III) e outros subxacentes con industrias que se poden encadrar no Paleolítico Medio (niveis IV e V), constituíndo unha das escasas evidencias deste último período no NW peninsular e a única secuencia onde pode ser estudada a transición do Paleolítico Medio ao Paleolítico Superior (NOGUEIRA, 1997).

As intervencións levadas a cabo dende o ano 2008 no sector da entrada da cova de Eirós no marco dun proxecto de investigación sobre as ocupacións plistocenas da cunca media do Miño confirmaron a importancia de dito xacemento onde atopamos cinco niveis arqueolóxicos (nivel C, nivel B, nivel 1; nivel 2 e nivel 3) que van dende momentos mediados do MIS 5 ata o MIS 2. Deste xeito Cova Eirós convértese no primeiro xacemento do NW no que podemos estudar directamente as diferenzas na tecnoloxía e estratexias de subsistencia do *H. neanderthalensis* e o *Homo sapiens*, así como a evolución tecnolóxica das sociedades de cazadores recolectores do Paleolítico Superior. (FÁBREGAS *et al.*, 2008, 2009, e.p.) (Figura 4).

Dentro do mesmo proxecto de investigación, no ano 2007 comezan as sondaxes arqueolóxicas no lugar de Valdavara (Becerreá, Lugo). A cova

de Valdavara localízase na marxe dereita do río Narón, un dos afluentes do Navia, a unha altura duns 120 m sobre a canle actual. Na ladeira atópase un pequeno sistema cárstico con varias aperturas. O xacemento de Valdavara 1 é unha pequena cavidade aberta cara ao NE, cunha entrada de apenas 1,2 m de anchura e 1,6 m de altura que dá acceso a unha sala duns 5 × 3 m, e no seu fondo bifúrcanse dúas galerías de escaso percorrido debido ao recheo sedimentario que as vai colmatando progresivamente. Nesta secuencia foron identificáronse dous momentos de ocupación, un do Paleolítico Superior final (niveis 4 a 6), e outro datado no Calcolítico (niveis 1 a 3) (VAQUERO *et al.*, 2009). A poucos metros por baixo da cova e ao pé dunha parede de calcaria abríase un pequeno orificio que parecía unha segunda entrada ao mesmo sistema cárstico. No noiro que se estendía ante a cavidade observáronse algúns restos de fauna, polo que se expuña a posibilidade de que se tratase dunha segunda localización arqueolóxica. Esta localización denominouse Valdavara 2. Na escavación desta apertura atopouse un nivel con restos óseos de pequenos carnívoros, e, escavando nese nivel, un enterramento datado na Idade do Bronce de polo menos dous individuos infantís. (VAQUERO *et al.*, 2009).

No ano 2002, dentro dun proxecto de intervencións arqueolóxicas no Concello de Mondoñedo (Lugo), realizáronse unhas sondaxes valorativas no interior da Cova do Rei Cintolo, algunhas delas na mesmo pórtico no que interviria Soto Barreiro no ano 1993. Estas sondaxes valorativas sacaron á luz novos datos sobre as ocupacións medievais no sector da entrada, así




Figura 4. Secuencia estratigráfica do sector da entrada da cova de Eirós

como dun depósito de restos óseos máis ao interior da galería cuxa datación o sitúa no Epipaleolítico. Desgraciadamente, estas sondaxes non tiveron continuación, imposibilitando afondar no contexto dos depósitos dos *camerín* (VILLAR, 2003; 2007).

As intervencións arqueolóxicas en cavidades que se desenvolveron dende os anos noventa ampliaron considerablemente o espectro faunístico, posibilitando unha maior contextualización paleo-ambiental das ocupacións e a comprensión das estratexias de subsistencia das comunidades paleolíticas. Neste sentido, destacan os achados da cova da Valiña, Pala da Vella, cova de Eirós e cova de Valdavara onde ademais das especies de *mandibulas* atopáronse varias especies de carnívoros (*Crocota crocuta*, *Canis lupus*, etc.), rinocerontes laúdos, rebezos, corzos e lagomorfos entre outras, así como restos de micro-mamíferos. Por outra banda, as actuacións arqueolóxicas van ampliando o marco cronolóxico das ocupacións humanas, especialmente no que se refire á transición do Paleolítico Medio ao Superior e momentos posteriores que ofrecen un bo marco comparativo para os asentamentos ao aire libre destes períodos documentados noutras partes de Galicia.

Discusión. Unha primeira aproximación ás ocupacións prehistóricas das cavidades

O estudo do poboamento paleolítico artículase principalmente a partir dos achados que se realizaron nos xacementos ao aire libre. Aínda que a súa distribución xeográfica pode ser indicativa da extensión do poboamento plistoceno do NW peninsular, a deficiente preservación dos seus rexistros por mor da acidez dos solos que só permite a conservación dos artefactos líticos, a intensidade dos procesos erosivos que afectan aos depósitos e a dificultade na aplicación de técnicas de datación absolutas condicionan a integridade dos estudos sobre as sociedades de cazadores colectores do Paleolítico.

Son os xacementos en cavidades cársticas os que ofrecen unha maior calidade do rexistro arqueolóxico, permitindo o acceso ás diferentes esferas dos sistemas sociais e económicos, non só no plano tecnolóxico (tanto de materiais líticos como óseos) senón sobre as estratexias de subsistencia e de explotación do medio (animal e

vexetal) e, de ser o caso, a dimensión espacial das actividades domésticas, sociais ou simbólicas.

Malia o interese que ofrece para os arqueólogos este tipo de xacementos, podemos considerar que a investigación sobre as ocupacións cavernícolas do NW está nunha fase inicial. Na maior parte dos casos só contamos con prospeccións superficiais dos recheos das entradas, ou ben pequenas sondaxes valorativas, algunhas delas con indicios moi interesantes de ocupacións. As escavacións sistemáticas nas cavidades son as que están a proporcionar os resultados máis interesantes descubriendo longas secuencias que ocupan o Plistoceno Superior, e, incluso, achegan información complementaria para certos momentos do Paleolítico galego, ben coñecidos a través doutros contextos habitacionais (v.g. xacementos ao aire libre ou abrigos rochosos do Paleolítico Superior final). Malia o número de intervencións, as cavidades non semellan amosar unha intensidade de ocupación moi alta, é dicir, as descubertas ao aire libre e en abrigos rochosos superan amplamente ás das cavidades. Pero este factor débese a varios motivos como son, principalmente, a infrarrepresentación das intervencións nas cavidades; a escasa extensión xeográfica das bandas calcarias; o pequeno desenvolvemento de cavidades e as súas secuencias estratigráficas; e a súa localización na periferia do NW ibérico, nas serras orientais, directamente influenciadas nos momentos de maior avance glacial polos procesos erosivos e rigorosidade climática. Deste xeito, até a data, son escasas as intervencións de corte comarcal/regional (v.g. as cavidades de Rubiá, FERNÁNDEZ *et al.*, 1993) que poidan afondar no estudo de patróns de asentamento, estacionalidade e complementariedade funcional das ocupacións, ao estilo do que se fixo noutras zonas da Península Ibérica (v.g. GONZÁLEZ & GONZÁLEZ, 2004).

Así e todo, os diferentes niveis de ocupación identificados nas escasas cavidades exploradas, amosan unha longa diacronía na súa utilización, dende momentos mediados do MIS 5 (nivel 3 da cova de Eirós) até tempos históricos (Táboa 1). Considerando os contextos deposicionais dos rexistros arqueo-paleontolóxicos do NW peninsular podemos albiscar unha serie de tipos de ocupacións, contexto e funcionalidade das cavidades que parecen mudar co paso do tempo.

Ads. Cronocultural	Xacemento	Nivel	Ocupación	Método	Datación BP	Ref Lab	Ref. Bibliográfica
Paleolítico Medio	Cova Eirós	Nivel 3	Doméstica				Fábregas et al. 2008;2009
	A Valiña	Nivel IV	Doméstica	C-14	34800 ± 1900/1500	GrN-17729	Llana et al. 1996
	A Valiña	Nivel V	Doméstica	C-14	31730 ± 2800/2100	GrN-20833	Llana et al. 1996
	A Valiña	Nivel IV	Doméstica	C-14-AMS	31600 ± 250	GrA-3014	Llana et al. 1996
Paleolítico Superior	Cova Eirós	Nivel 2	Doméstica	C14-AMS	31690 ± 240	Beta - 254280	Fábregas et al. e.p.
	Cova Eirós	Nivel 1	Doméstica				Fábregas et al. 2008;2009
	A Valiña	Perfil sur (NV)	Paleontolóxico	C-14	21870 ± 780/710	GrN-20835	Ramil y Fernández 1996
	A Valiña	Perfil sur (NV)	Paleontolóxico	C-14	16420 ± 70	GrN-20836	Ramil y Fernández 1996
	Valdava 1	Nivel 6	Doméstica	C14-AMS	15120 ± 70	Beta-257849	Vaquero et al. 2009
	Valdava 1	Nivel 4	Doméstica	C14-AMS	14630 ± 70	Beta-235726	Vaquero et al. 2009
	Valdava 1	Nivel 4	Doméstica	C14-AMS	13770 ± 70	Beta-235728	Fábregas et al. 2010
	Mesolítico/Epipaleolítico	Valdava 1/2	Nivel C	Doméstica	C14-AMS	8920 ± 50	Beta-257850
	Valdava 1/2	Nivel C	Doméstica	C14-AMS	8890 ± 60	Beta-259199	Fábregas et al. 2010
	Cintolo	S3	Ritual (?)	C-14	7735±60	Lyon-2731 (OxA)	Villar, 2007
Calcolítico	Pala da Vella	Nivel 2	Enterramento	C-14	4790±120	GrN-19395	Fernández y Villar, 2003
	Pala da Vella	Nivel 2	Enterramento	C-14	4500±35	GrA-1021	Fernández y Villar, 2003
	Valdava 1	Nivel 2	Enterramento	C14-AMS	4490±40	Beta-235727	Vaquero et al. 2009
Bronce	Pala da Vella	Nivel 1	Doméstica	C-14	3280±125	GrN-19394	Fernández y Villar, 2003
	Valdava 2	Enterramento	Enterramento	C14-AMS	3250±40	Beta-235729	Vaquero et al. 2009
	Valdava 2	Enterramento	Enterramento	C14-AMS	3270±40	Beta-235730	Vaquero et al. 2009

Táboa 1. Datacións dos principais xacementos mencionados no texto

En primeiro lugar, gran parte dos restos paleontolóxicos semellan estar en posición secundaria, en fendas ou simas nas que van caendo os restos de animais. O mellor exemplo é a cova de Liñares sur, na que se atoparon nunha sima da zona de Pedrafita numerosos restos de cérvidos, relacionados, posiblemente, con varios episodios de caída (LÓPEZ, 2003). A descuberta de restos illados de animais, normalmente monoespecíficos, podería corresponderse con este tipo de situacións: simas ou fendas que actúan como trampa natural. Non podemos desbotar, neste sentido, a posibilidade do aproveitamento destas trampas por parte dos homínidos, como demostran os testemuños noutras zonas da Península Ibérica [v.g. o xacemento de Galería, na Serra de Atapuerca (OLLÉ *et al.*, 2005)].

Outro tipo de uso por parte das especies animais das cavidades é como tobo. Neste senso destacan as oseiras cos restos de osos das cavernas achados no fondo da cova de Eirós (GRANDAL, 1993) ou no interior da cova de Xato (FÁBREGAS *et al.*, 2008), así como noutras cavidades da zona do Courel (cova do Canelo,

cova da Ceza, Tras da Lastra, etc., GRANDAL *et al.*, 1997). Nunha apertura de Valdava 2 atopamos varios restos de fauna, entre eles restos de pequenos carnívoros, que poderían indicar o uso desa cavidade como cubil (FÁBREGAS *et al.*, e.p.).

A evidencia máis clara de cubil de carnívoros témola na cova da Valiña, na que o estudo das marcas, con ósos parcialmente dixeridos, roídos e marcas de mordeduras, xunto á descuberta de restos de *Crocota crocota* e coprólitos da mesma especie indican que a cavidade da Valiña se usou como cubil de hienas ao redor do 35.000-31.000 BP, xusto despois da ocupación humana, como necrófagos dos restos que se abandonaban alí (FERNÁNDEZ, 1992/1993). As cavidades que amosan unha ampla variedade faunística nas que non se detecta actividade antrópica (o nivel 3 de Pala da Vella, Praducelos, etc.) poderían corresponderse a este tipo de ocupación de carnívoros, aínda que a falla de estudos tafonómicos sobre estes rexistros convidan a sermos cautos sobre estas consideracións (FERNÁNDEZ, 2005/2006).

Durante o Plistoceno Superior atopamos restos de ocupacións humanas relacionadas co Paleolítico Medio como son o nivel 3 da cova de Eirós, os restos da boca 2 de Pala de Arroio de Pardellán 1, e, se consideramos as últimas revisións, o nivel arqueolóxico da Cova da Valiña. Aínda que para o caso da boca 2 de Pala de Arroio de Pardellán 1 non dispoñemos de información suficiente para realizarmos maiores consideracións, as cavidades de Eirós e da Valiña ofrécennos un bo marco para o estudo dos asentamentos cavernícolas do Paleolítico Medio.

Con respecto á intensidade das ocupacións, destaca a riqueza do rexistro arqueolóxico do nivel 3 da cova de Eirós (1131 elementos). Debemos ter en conta que a área escavada destes niveis apenas chega aos 2 m², debido á presenza de silos medievais que restrinxiron considerablemente a superficie plistocena (FÁBREGAS *et al.*, 2009). Á espera de estudos de carácter tafonómico e sedimentolóxico que permitan realizar unha adecuada crítica sobre os procesos de formación de dito rexistro, as proxeccións espaciais dos materiais arqueolóxicos semellan indicar a existencia de polo menos dous subniveis (3a e 3b) cunhas densidades de artefactos moi diferentes (FÁBREGAS *et al.*, e.p.). A densidade de materiais, a representación de numerosos restos de talla, marcas de corte e marcas de percusión nos restos óseos, así como o alto grao de fragmentación da fauna fan pensar no factor antrópico como o principal axente da acumulación. Inclusive, os achados de restos de ósos queimados e acumulacións de carbóns no nivel 3b, poderían indicar a existencia de fogares noutros sectores do xacemento, o que redundaría na intensidade das ocupacións. Debido á falla de estudos tafonómicos sobre o modelo de transporte e introdución dos restos faunísticos no xacemento pouco podemos dicir sobre o tipo de ocupacións que alí se realizaron. Así e todo, a presenza de restos de oso das cavernas (especialmente dentes deciduais de individuos neonatos) no sector da entrada da cova de Eirós podería indicar o uso alternado da cavidade entre as ocupacións de neandertais e as do citado úrsido (FÁBREGAS *et al.*, 2009).

Pola contra, na cova da Valiña, o escaso número de artefactos recuperados asociados a un único nivel arqueolóxico, indícanos unha

ocupación de carácter episódico da cavidade. As datacións radio-carbónicas e o estudo paleoambiental do rexistro, sitúa esta ocupación nun episodio fresco e húmido do MIS 3, situado entre os interestadiais Les Cottés e Arcy/Denkamp (LLANA *et al.*, 1996). O estudo tafonómico do conxunto faunístico baseado na representación dos elementos anatómicos (presenza de fragmentos de mandíbulas e partes das extremidades anteriores e posteriores) e a localización das marcas de corte, indican que no lugar se desenvolveron operacións de descarnado e desarticulación das extremidades xa introducidas (PUMAREJO, 1991). Estes aspectos, unidos ao recurso a materiais de orixe inmediata para a fabricación das ferramentas (seixos dun filón situado a 500 m da cova, LLANA, 1991), amósanos o uso puntual da cavidade da Valiña por parte dun pequeno grupo de homínidos. Como xa sinalamos antes, a ocupación das hienas semella ser posterior a este episodio (FERNÁNDEZ, 1992/1993).

Aínda que durante o Paleolítico Medio atopamos as primeiras evidencias de ocupacións antrópicas nas covas, no estado actual da investigación, debido ao seu carácter recente, pouco podemos aventurar acerca das ocupacións do Paleolítico Superior. A densidade dos niveis superiores da cova de Eirós (nivel 2, nivel 1 e nivel B) semella ser menor que a do nivel 3, o que indicaría ocupacións de non tan longa duración. Na cova de Valdavara, nunha secuencia estratigráfica dun metro vinte de potencia, constatamos a sucesión de varios momentos de ocupación que abranguen un rango temporal que iría dende o 16.000 ao 14.800 BC (cun nivel de confianza equivalente a 1s), dende o Magdalenense Inferior até momentos do Magdalenense Medio (VAQUERO *et al.*, 2009). Neste xacemento non só recuperamos evidencias líticas, senón restos de industria ósea (como son fragmentos de azagaias en asta de cervo), e incluso elementos de adorno persoal.

Malia que pouco podemos saber a día de hoxe acerca da funcionalidade dos xacementos do Paleolítico Superior, o estudo dos conxuntos líticos, á parte de amosar as evolucións tecnolóxicas deste período, ofrécenos unha visión sobre o seu territorio económico.

En paralelo á introdución da tecnoloxía laminar, conséntase o aumento de materias primas de boa calidade como o sílex ou o cristal de rocha. Nos conxuntos do Paleolítico Medio ou Superior inicial os recursos de carácter inmediato son os dominantes (seixo e cuarcita) mentres que nos momentos avanzados do Paleolítico Superior o cristal de rocha e o sílex cobran maior protagonismo, acadando porcentaxes de até o 90% (no caso de Valdavara) (DE LOMBERA & RODRÍGUEZ, e.p.). Este feito é indicativo da ampliación do territorio económico destas comunidades e da súa maior mobilidade. Se ben non temos datos petrográficos sobre a orixe das fontes de abastecemento do sílex das covas de Eirós e Valdavara, a presenza dos *Dentalium* na cova de Becerreá, de orixe mariña, é unha evidencia da relación das comunidades do interior lucense coa costa, xa sexa produto da mobilidade estacional ou das redes de intercambio destes grupos. Deste xeito, as ocupacións do interior da cova de Valdavara ofrécennos unha nova perspectiva sobre as comunidades do Magdalenense Inferior/Medio, coa descuberta de restos de industria ósea, macro e microfauna e elementos de adorno, que complementan os datos que se obtiveron das ocupacións dos abrigos rochosos da zona do Xistral [v.g. Férvedes II ou Dos Niñas (RAMIL & RAMIL, 1996)].

Á luz dos datos obtidos nos xacementos do norte lucense, podemos ver como existe unha contemporaneidade entre os hábitats en abrigos rochosos na Terra Chá e Serra do Xistral e as ocupacións nas cavidades das covas de Eirós (niveis 1 e B) e Valdavara (niveis 4 e 5). A falla de datacións absolutas e a escaseza dos estudos zooarqueolóxicos non permiten realizar estudos sobre a complementariedade destas ocupacións e ver se responden a estratexias de mobilidade estacional por parte destas comunidades, como se ten demostrado noutros xacementos cantábricos (MORÍN, 2008), ou ben, se estamos a falar de territorios diferentes.

Noutro eido, tendo en conta as cronoloxías das ocupacións do Paleolítico Superior galego, non é improbable a aparición de arte rupestre nas cavidades do NW tal e como demostran os testemuños nas do Cantábrico. Actualmente

non hai evidencias de arte rupestre paleolítico nas cavidades galegas, aínda que temos mostras de arte moble como son os elementos de adorno da cova de Valdavara e o colgante óseo do nivel 1 da cova de Eirós. Esta ausencia relaciónase coa falla de investigacións nas cavidades cársticas, especialmente no que se refire á revisión das paredes das galerías na procura de pinturas ou gravados.

As novas intervencións están a achegar novos datos que indican unha continuidade na utilización das cavidades cársticas durante os momentos finais do Paleolítico Superior e o Mesolítico. As datas obtidas no nivel C de Valdavara (no noiro exterior da cavidade) amosan unha ocupación adscrita ao Mesolítico macrolítico, período que até o día de hoxe non se identificou en Galicia, caracterizado pola presenza de industrias en lasca de seixo e cuarcita (Táboa 1). Aínda en proceso de escavación, podería relacionarse cunha ocupación doméstica da parte externa da cavidade de Valdavara (FÁBREGAS *et al.*, 2009).

Algo máis recentes son as datas obtidas no interior da cova do Rei Cintolo. Malia que as intervencións arqueolóxicas no sector da entrada (pórtico), só revelaron os restos dunha ocupación de época medieval, no camarín (sondaxe 3), máis cara ao interior, recuperáronse varios restos de fauna. Os estudos das marcas de corte que presentan, a súa localización e técnica desbotan a súa relación con actividades para o consumo (VILLAR, 2007:44). A ausencia de materiais arqueolóxicos asociados (industria lítica, ósea, etc.) e a imprecisión do contexto dos achados levan á súa interpretación como froito dunha deposición de carácter simbólico. Aínda que se fala da presenza de restos humanos no interior da cova do Rei Cintolo que suxerirían un posible contexto funerario [hoxe en día desaparecidos (VILLAR, 2007:50, nota 3)], non existen elementos que poidan relacionalos co depósito da sondaxe. A datación obtida sobre un dos ósos do camarín [7735±60 BP, Lyon-2731 (OxA)] é moi similar á que se obtivo no xacemento epipaleolítico de Xestido III (7310±160, GrN-16389) (RAMIL & RAMIL, 1996), marcando outra vez a contemporaneidade coas ocupacións de abrigos rochosos na Serra do Xistral.

Se aceptamos a hipótese dun uso ritual ou simbólico da cavidade, esta referencia sería a primeira mención dun uso non habitacional das cavidades galegas, e marcaríanos un novo contexto de consideración das grutas, relacionado coa esfera funeraria. Neste senso, non son escasos os paralelos de enterramentos mesolíticos en cavidades. As evidencias máis próximas de contextos rituais ou funerarios atopámonas na cova de Braña-Arintero (León), na vertente sur da cordilleira Cantábrica, na que se atoparon os enterramentos de dous individuos que deron unhas datacións de 6980 ± 50 BP (Beta-226472) e 7030 ± 50 BP (Beta-226473) (VIDAL *et al.*, 2008). Outros paralelos do extremo occidental da cornixa cantábrica son os enterramentos da cova de Los Canes (Asturias), datados entre o 7025 ± 80 BP e o 6265 ± 75 BP, e da cova Colomba (Asturias) cunha datación de 7090 ± 60 BP (ARIAS & ÁLVAREZ, 2004; MEIKLEJOHN, 2009).

Conclusións

Os rexistros arqueo-paleontolóxicos ofrécennos un amplo marco de situacións e funcións das cavidades cársticas que proporciona unha grande información acerca da reconstrución paleo-ambiental do Plistoceno Superior e sobre as estratexias de explotación e ocupación do territorio. Como vemos, as sociedades de cazadores colectores habitaron as cavidades do NW peninsular dunha maneira reiterada e complementaria aos asentamentos ao aire libre que coñecemos do interior e costa galega. Tendo en conta a densidade de materiais e funcionalidade das ocupacións, as cavidades foron usadas dentro de modelos de mobilidade residencial (cova de Eirós) ou loxística (Valdavara ou Valiña). As novas intervencións arqueolóxicas coa descuberta de novos xacementos, realización de estudos zooarqueolóxicos e series de datacións absolutas axudarán a comprender un pouco máis sobre a mobilidade no interior de Galicia e poder establecer a complementariedade das estratexias de explotación dos diferentes medios ou ecotopos asociados aos asentamentos ao aire libre (v.g. xacementos da Depresión de Monforte), en abrigos rochosos do norte de Lugo e as cavidades

das serras orientais por parte dos grupos de cazadores colectores.

Debemos ter en conta que, até o día de hoxe, os momentos de ocupación das cavidades están relacionados con episodios máis ou menos temperados do Plistoceno Superior (Eirós, cova da Valiña), ou xa no Tardiglacial (Valdavara). A relación das ocupacións cos momentos de benignidade climática debe poñerse en relación a dous factores.

Por unha banda, a zona calcaria atópase en franxas que percorren en sentido NE-SE a marxe oriental de Galicia, en cotas que van dende os 550 m aos 1100 metros. Os estudos sobre o glaciario no NE sitúan a liña de neves perpetuas (ELA) en torno aos 700 m de altitude xusto no momento de máximo avance dos glaciais (PÉREZ & VALCARCEL *et al.*, 1998). Do mesmo xeito, os estudos polínicos amosan a existencia de condicións continentais e frías no interior, dominado por praderías de *Poaceae* e *Artemisia*, quedando pequenos vales boscosos na zona litoral (RAMIL *et al.*, 2005, GÓMEZ *et al.*, 2008). As estimacións das paleo-temperaturas na última glaciación sinalan a existencia de diferenzas que acadan nesta zona os $9-12$ C° de temperatura media anual con respecto ás actuais (VALCARCEL *et al.*, 1998). Neste senso, durante o Último Máximo Glacial, prodúcese un hiato arqueolóxico, non se documentaron con fiabilidade xacementos arqueolóxicos neste período e barallouse a hipótese de que a costa funcionou coma zona de refuxio nos momentos de máxima rigorosidade. Actualmente, o único rexistro que podemos encadrar no pleniglacial é o nivel do perfil sur da cova da Valiña (paleontolóxico) cunhas datacións radiométricas de $21.870 \pm 780/710$ BP (GRN-20.835) e 16.420 ± 70 BP (GRN-2836) (RAMIL & FERNÁNDEZ, 1996). Se ben aínda que hai certos indicios que poderían indicar a presenza de asentamentos paleolíticos durante este período (incluso o nivel 1 da cova de Eirós podería situarse nese momento) (FÁBREGAS & LOMBERA, e.p.), a rigorosidade climática podería contribuír á baixa densidade de poboamento desta zona montañosa.

Por outra banda, debemos ter en conta a incidencia dos procesos erosivos nos recheos sedimentarios do Plistoceno Superior (LLANA *et al.*, 1992). As secuencias estratigráficas das cavidades

galegas amosan grandes hiatos sedimentarios, caso do contacto entre os diferentes niveis da cova de Eirós ou a secuencia estratigráfica de Valdavara 1, co contacto neto entre os niveis do Magdalenense Inferior/Medio e Neolítico Final/Calcolítico (FÁBREGAS *et al.*, 2009; VAQUERO *et al.*, 2009). As escavacións na Cova de Xato (Folgozo do Courel) revelaron a importante incidencia dos fenómenos erosivos postglaciais nos recheos de idade pliocena das cavidades do Courel, evitando unha boa preservación de recheos antigos naquelas covas situadas a cotas de maior altitude (900-1100 msnm) e, por outra banda, son testemuños da rigurosidade das condicións ambientais nos momentos de máximo avance glacial (FÁBREGAS *et al.*, 2008). Neste sentido, a preservación dos rexistros sedimentarios das grutas que se atopan a grande altitude é moi problemática debido á incidencia directa dos glaciais, e atópanse as secuencias de maior antigüidade nas cavidades situadas en torno aos 600-700 msnm (GRANDAL *et al.*, 1997; FÁBREGAS *et al.*, 2008).

En canto ao contexto das ocupacións, no NW peninsular só dispoñemos de contextos domésticos de longa ou curta duración, aínda que a falla de estudos non permite afondar na súa funcionalidade. Só no caso do depósito da cova do Rei Cintolo se considera unha deposición de carácter ritual ou simbólica, pero os exiguos datos sobre o contexto deposicional do camarín non permiten facer maiores consideracións. En troques, durante a Prehistoria recente vemos como as cavidades adquiren unha nova dimensión. Se ben hai indicios de estancias curtas e puntuais das cavidades, os enterramentos

do Calcolítico da cova de Valdavara 1 e Pala da Vella, amosan un uso sepulcral das mesmas no momento de maior desenvolvemento do megalitismo (FERNÁNDEZ & VILLAR, 2003; VAQUERO *et al.*, 2009). Os enterramentos da Idade do Bronce de Valdavara 2 e covas da Serra da Enciña da Lastra, achegan información sobre un dos períodos menos coñecidos da nosa Prehistoria. Incluso, durante períodos históricos temos evidencias de uso das cavidades, xa sexa relacionadas con actividades pastorís, ou con comunidades de ermitáns de época tardorromana (caso da cova de Pala de la Zorra ou cova de Xato) (FERNÁNDEZ *et al.*, 1993; FÁBREGAS *et al.*, 2008).

A boa preservación dos rexistros, especialmente no que se refire aos materiais orgánicos, permite obter unha importante información sobre distintas esferas das sociedades prehistóricas que os xacementos ao aire libre non nos fornecen. Nese sentido, os estudos antropolóxicos, xeo-cronolóxicos, paleontolóxicos, paleoambientais e arqueolóxicos están a abrir prometedoras vías de investigación que van axudar a comprender a evolución das sociedades prehistóricas do NW ibérico.

Agradecementos

ALH é beneficiario dunha bolsa predoctoral da Fundación Atapuerca. As intervencións arqueolóxicas nas cavidades da cova de Eirós e Valdavara financiaas o proxecto de investigación do Ministerio de Ciencia e Innovación «*Ocupacións humanas durante o Pleistoceno da cunca media do Miño* (HUM/2007-63.662)».

Referencias bibliográficas

- AGUIRRE, E. (1964). *Las Gándaras de Budiño Porrriño (Pontevedra)*. Madrid, Ministerio de Educación Nacional. Dirección General de Bellas Artes. Servicio Nacional de Excavaciones Arqueológicas.
- AGUIRRE, M. T. (1985). «Macromamíferos (Équidos, Bóvidos) de la cueva de Praducelos (Suegos, Lugo)». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 10: 225-228.
- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, J. M. e F. BOUZA BREY (1949). «Industrias paleolíticas de la comarca de Tuy». *Cuaderno de Estudios Gallegos* VI (XIII): 201-250.
- ARIAS, P. e E. ALVÁREZ-FERNÁNDEZ (2004). «Iberian foragers and funerary ritual – a review of Paleolithic and Mesolithic evidence in the Peninsula». En: M. GONZÁLEZ MORALES e G. A. CLARK (Eds). *The Mesolithic of the Atlantic Façade: Proceedings of the Santander Symposium*. Arizona State University. Tempe, Arizona: 225-248.
- CANO PAN, J. A. (1991). «El Paleolítico Inferior y Medio (Arqueología)». En *Prehistoria e Historia Antigua. Galicia-Historia*. Hércules Edicións, I: 45-78.
- CANO PAN, J. A., E. AGUIRRE, F. GILES PACHECO, A. SANTIAGO PÉREZ, J. M. GUTIÉRREZ LÓPEZ, E. MATA ALMONTE, J. GRACIA PRIETO, L. AGUILERA RODRÍGUEZ e O. PRIETO REINA (1997). «Evolución del Pleistoceno en la cuenca baja del Miño, sector la Guardia-Tuy. Secuencia de los primeros poblamientos humanos y registro arqueológico». En: J. RODRÍGUEZ VIDAL (Ed). *Cuaternalario Ibérico*: 201-212.
- CRiado BOADO, F., Ed. (1991). *Arqueología del paisaje, el área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales: (campanas de 1987, 1988 y 1989)*. Arqueoloxía. Investigación. Santiago de Compostela, Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental.
- DE LOMBERA HERMIDA, A. (2005). «Aplicación del Sistema Lógico Analítico al estudio de un yacimiento gallego. La industria lítica de A Pitteira (Toén, Ourense)». *Gallaecia* 24: 7-33.
- DE LOMBERA HERMIDA, A. e C. RODRÍGUEZ RELLÁN (e.p.). «Gestión y estrategias de abastecimiento de las materias primas locales (cuarzo, cuarcita y pizarra) en la Prehistoria del Noroeste peninsular». En: S. DOMÍNGUEZ-BELLA, J. RAMOS MUÑOZ, J. M. GUTIÉRREZ LÓPEZ e M. PÉREZ RODRÍGUEZ (Eds). *IV Reunión de trabajo sobre aprovisionamiento de recursos líticos en la Prehistoria*. Universidad de Cádiz y Ayuntamiento de Villamartín. Villamartín.
- DE LOMBERA HERMIDA, A., M. VAQUERO RODRÍGUEZ, S. ALONSO FERNÁNDEZ, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ e R. FÁBREGAS VALCARCE (2008). «A cunca media no Miño dentro das ocupacións paleolíticas do NW peninsular». En: E. MÉNDEZ QUINTAS (Ed). *Homenaxe a Xose María Álvarez Blázquez (2). Estudos sobre Paleolítico*. Instituto de Estudos Miñoranos. Gondomar: 321-346.
- DE TORRES PÉREZ HIDALGO, T. (1983). «Fauna cavernícola cuaternaria gallega. Datos sobre úrsidos de la Provincia de Lugo (Galicia, España)». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 6: 89-97.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. e A. DE LOMBERA HERMIDA (e.p.). «El Paleolítico superior en Galicia a la luz de las últimas investigaciones». En: J. FULLOLA (Ed.). *Paleolítico superior peninsular. Novedades del siglo XXI*. Barcelona.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA IGLESIAS, A. GRANDAL D'ANGLADE, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, M. PÉREZ RAMA, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, M. R. SERNA GONZÁLEZ e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (e. p.). «Completando o mapa. Novas datacións absolutas para o Paleolítico e Mesolítico do interior galego». *Gallaecia* 29.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA, A. GRANDAL D'ANGLADE, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, M. PÉREZ RAMA, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. R. SERNA GONZÁLEZ, M. TERRADILLOS BERNAL e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (2009). «Novos resultados das intervencións arqueolóxicas no sur lucense. Os xacementos paleolíticos da Depresión de Monforte (Monforte de Lemos), Cova Eirós (Triacastela) e Valdivara (Becerreá)». *Gallaecia* 28: 9-32.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., S. ALONSO FERNÁNDEZ, T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ

- ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, M. TERRADILLOS BERNAL, M. R. SERNA GONZÁLEZ e M. VAQUERO RODRÍGUEZ (2008). «Aportacións ó estudo da Prehistoria da cunca media do Miño. Os asentamentos en cova e ó aire libre». *Gallaecia* 27: 63-88.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, J. A. PEÑA ALONSO, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN e M. TERRADILLOS BERNAL (2007). «Novos achados paleolíticos no interior de Galicia. A Depresión de Monforte de Lemos e as súas industrias líticas». *Gallaecia* 26: 7-33.
- FERNÁNDEZ MOSQUERA, D. (1998). «Biogeoquímica isotópica (13C, 15 N) del *Ursus spelaeus* del yacimiento de Cova Eirós, Lugo». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 23: 237-249.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1992-1993). «Valoración y análisis de la ocupación de carnívoros de la cueva de A Valiña (Lugo, Galicia)». *Tabona VIII*: 481-491.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1993). «Los Macro mamíferos del Pleistoceno y Holoceno Inicial en el Noroeste Peninsular». En: A. Pérez Alberti, J. Guitián Rivera e E. Ramil Rego (Eds.). *La evolución del paisaje en las Montañas del entorno de los Caminos Jacobeos*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela: 183-191.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2005/2006). «La arqueozoología en el noroeste de la Península Ibérica: historia de las investigaciones». *Munibe* 57: 511-523.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. e R. VILLAR QUINTEIRO (2003). «Prospección y excavación de cuevas en la cuenca del Sil (Rubiá, Ourense): La Pala da Vella». *Brigantium* 14: 13-22.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C., P. RAMIL REGO e A. MARTÍNEZ CORTIZAS (1995). «Characterization and depositional evolution of hyaena (*Crocuta crocuta*) coprolites from A Valiña Cave (NW Spain)». *Journal of Archaeological Science* 22: 597-607.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C., R. VILLAR QUINTEIRO e C. LLANA RODRÍGUEZ (1993). «Prospección arqueolóxica de cavidades en la Sierra de la Encina de la Lastra (Rubiá, Ourense): Primeros resultados». En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*: 43-48.
- GOLPE POSSE, M. J. e J. R. VIDAL ROMANÍ (1985). «Macromamíferos (suidos) de la cueva de Praducelos (Suegos, Lugo)». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 10: 229.
- GÓMEZ ORELLANA, L., P. RAMIL REGO e C. MUÑOZ SOBRINO (2008). «Bioestratigrafía para el Pleistoceno superior en el NW Ibérico: datos climáticos y paleoecológicos». *Férvendes* 5: 15-24.
- GONZÁLEZ SAINZ, C. e J. GONZÁLEZ URQUIJO (2004). «El Magdaleniense reciente en la región Cantábrica». En: M. A. FANO (Coord.). *Las Sociedades del Paleolítico en la Región Cantábrica*. Diputación Foral de Bizkaia. Bilbao: 275-308.
- GRANDAL D'ANGLADE, A. (1993). *El Oso de las cavernas en Galicia, el yacimiento de Cova Eirós*. Sada, Laboratorio Xeolóxico de Laxe. Edicións O Castro.
- GRANDAL D'ANGLADE, A. e F. LÓPEZ GONZÁLEZ (1998). «A population study on the Cave Bears (*Ursus Spelaeus* Rosenmüller-Heinroth) from Galician caves, NW of Iberian Peninsula». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 23: 215-224.
- LLANA RODRÍGUEZ, C. (1991). «Análise da demanda de materias primas do xacemento da Valiña (Campañas de 1987 e 1988)». En: C. LLANA RODRÍGUEZ e M. J. SOTO BARREIRO (Eds.). *Cova da Valiña (Castroverde, Lugo): un xacemento do Paleolítico Superior Inicial en Galicia: (campañas de 1987 e 1988)*. Consellería de Cultura Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- LLANA RODRÍGUEZ, C. (1994). «José Villaamil y Castro. La investigación paleolítica en la Galicia del Siglo XIX». *Revista de Arqueología* 163: 52-59.
- LLANA RODRÍGUEZ, C. e M. J. SOTO BARREIRO, Eds. (1991). *Cova da Valiña (Castroverde, Lugo): un xacemento do Paleolítico Superior Inicial en Galicia (campañas de 1987 e 1988)*. Arqueoloxía Investigación. Santiago de Compostela, Consellería de Cultura. Xunta de Galicia.
- LLANA RODRÍGUEZ, C., M. MARTÍNEZ CORTIZAS e P. RAMIL REGO (1992). «Algunas consideraciones acerca de la estratigrafía y del marco temporal para los yacimientos al aire libre

- del Paleolítico Final y Epipaleolítico en Galicia». *Zephyrus* 44-45: 155-166.
- LLANA RODRÍGUEZ, C., R. VILLAR QUINTEIRO e A. MARTÍNEZ CORTIZAS (1996). «Secuencia paleoambiental y cultural de la cueva de A Valiña (Castroverde, Lugo): Una ocupación chatelperroniense en Galicia». En: A. PÉREZ ALBERTI, P. MARTINI, W. CHESWORTH e A. MARTÍNEZ CORTIZAS. *Dinámica y Evolución de Medios Cuaternarios*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela: 97-112.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, F. (2003). *Paleontology and Taphonomy of Pleistocene macromammals of Galicia (NW Iberian Peninsula)*. A Coruña.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, F. e A. GRANDAL D'ANGLADE (1998). «Datos sobre *Cervus elaphus* (Cervidae, artiodactyla, mammalia) en cavidades cársticas de Galicia». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 23: 201-214.
- LUZÓN NOGUÉ, J. M., F. J. SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, F. ACUÑA CASTROVIEJO, C. ALONSO DEL REAL, F. ARIAS VILAS, M. CAAMAÑO GESTO, A. RODRÍGUEZ CASAL, J. C. SIERRA RODRÍGUEZ e J. M. VÁZQUEZ VARELA (1980). *El Caurel*. Madrid, Ministerio de Cultura.
- MAÍLLO FERNÁNDEZ, J. M. (2008). «El Chatelperroniense en el Noroeste de la Península Ibérica». *Férvedes* 5: 127-136.
- MARÍN ARROYO, A. B. (2008). «Patrones de movilidad y control del territorio en el Cantábrico oriental durante el Tardiglaciario». *Trabajos de Prehistoria* 65(1): 29-45.
- MAROTO, J., M. VAQUERO RODRÍGUEZ, Á. ARRIZABÁLAGA, J. BAENA, E. CARRIÓN, J. F. JORDÁ PARDO, M. MARTINÓN-TORRES, M. MENÉNDEZ, R. MONTES e J. ROSELL ARDÈVOL (2005). «Problemática cronológica del final del Paleolítico Medio en el Norte Peninsular». *Museo de Altamira MONOGRAFÍAS* 20: 101-114.
- MASMA, R. (1988). «Díaz Jacomé, cronista do "Cintolo" en 1954». *Furada, Revista dos Espeleólogos Gallegos* 2: 23-34.
- MEIKLEJOHN, C. (2009). «Radiocarbon dating of Mesolithic human remains in Spain». *Mesolithic Miscellany* 20(2): 2-20.
- MÉNDEZ QUINTAS, E. (2008). «As ocupacións achelenses das terrazas medias da cunca baixa do Miño». *Gallaecia* 27: 7-33.
- MONTESINOS LÓPEZ, J. R. (1983). «Estado actual del conocimiento sobre faunas de mamíferos cuaternarios de Galicia». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 6(6): 77-88.
- NOGUEIRA RÍOS, S. (1997). «Unha primeira aproximación o estudo dos materiais líticos de Cova Eirós (Triacastela-Lugo)». *Historia Nova IV*: 9-29.
- OBERMAIER, H. (1923). «Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia». *Boletín Arqueológico de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense*. VII (148-149): 1-21.
- OLLÉ, A., I. CÁCERES CUELLO DE ORO e J. M. VERGÉS (2005). «Human occupations at Galeria Site (Sierra de Atapuerca, Brugos, Spain) after the technological and taphonomical data». En: N. MOLINES, M.-H. MONCEL e J. L. MONNIER (eds.). *Données récentes sur les modalités de peuplement et sur le cadre chronostratigraphique, géologique et paléanthropologique des industries du Paléolithique inférieur et moyen en Europe, colloque international de Rennes, septembre 2003*. BAR Series Internationales SI 364: 269-281.
- PÉREZ ALBERTI, A. e M. VALCÁRCEL DÍAZ (1997). «Caracterización y distribución espacial del glaciario pleistoceno en el Noroeste de la Península Ibérica». *Las huellas glaciares de las montañas españolas*. Santiago de Compostela: 17-62.
- PÉREZ ALBERTI, A., L. GUITIÁN e P. RAMIL REGO, Eds. (1993). *La Evolución del Paisaje en las Montañas del Entorno de los Caminos Jacobeos*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- PUMAREJO GÓMEZ, P. (1991). «Restos óseos con incisiones na Cova da Valiña (Lugo). Notas para o seu estudio». En: C. LLANA RODRÍGUEZ e M. J. SOTO BARREIRO (Eds.). *Cova da Valiña (Castroverde, Lugo). Un xacemento do Paleolítico superior inicial en Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela: 127-130.
- RAMIL REGO, E. e J. RAMIL SONEIRA (1996). «El fin de los tiempos glaciares en Galicia. Magdalenense y Epipaleolítico». En: R. FÁBREGAS VALCARCE (Ed.). *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. Edicións do Castro.Sada, 73: 117-147.
- RAMIL REGO, P., M. J. IRIARTE, C. MUÑOZ SOBRINO e L. GÓMEZ ORELLANA (2005/2006). «Cambio climático y dinámica temporal del

- paisaje y de los hábitats en las ecoregiones del NW de la Península Ibérica durante el Pleistoceno superior». *Munibe* 57: 537-551.
- SENÍN FERNÁNDEZ, I. J. (1995). *A investigación do Paleolítico en Galicia. Revisión bibliográfica*. Sada, Edición do Castro.
- SOTO BARREIRO, M. J. (1995). «Escavación arqueolóxica con remoción de terras en afloramentos calizos do concello de Mondoñedo (Lugo)». En: *Arqueoloxía/Informes. Campaña 1989*. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura. Santiago de Compostela, 3: 185-189.
- TABOADA CASTRO, M. T. e B. SILVA HERMO (1999). «Factores de formacións y propiedades de los suelos formados sobre calizas de Galicia». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 24: 121-139.
- TORRE ENCISO, E. (1962). «Hallazgo de dos molares de Mamut (*Elephas primigenius*), en una cantera de Buxán, Lugo». *Notas y comunicaciones del I.G.M.E.* 65: 111-118.
- VALCÁRCCEL DÍAZ, M., R. BLANCO CHAO, A. MARTÍNEZ CORTIZAS e A. PÉREZ ALBERTI (1998). «Estimación de las paleotemperaturas en Galicia durante el último ciclo glacial a partir de datos geomorfológicos y climáticos». En: A. GÓMEZ ORTÍZ e F. SALVADOR FRANCH (Ed.). *Investigaciones recientes de la Geomorfología española*. Barcelona: 767-770.
- VAQUERO RODRÍGUEZ, M., S. ALONSO FERNÁNDEZ, C. A. FERNÁNDEZ, A. AMEIJENDA IGLESIAS, H. BLAIN, R. FÁBREGAS VALCARCE, G. GÓMEZ MERINO, A. DE LOMBERA HERMIDA, J. M. LÓPEZ-GARCÍA, C. LORENZO MERINO, M. LOZANO, C. RODRÍGUEZ RELLÁN, J. ROSELL ARDÈVOL e M. R. SERNA GONZÁLEZ (2009). «Nuevas dataciones radiométricas para el Paleolítico Superior en Galicia: La cueva de Valdavara (Becerreá, Lugo)». *Trabajos de Prehistoria* 66(1): 99-113.
- VÁZQUEZ SEIJAS, M. (1965-66). «La Cueva de la Valiña». *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Lugo VIII*: 25-30.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (1973). «Contribución al Estudio del Paleolítico Gallego: La comarca del río Arenteiro». *Cuaderno de Estudios Gallegos XXVIII*: 13-22.
- VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A. (1988). «Os materiais arqueolóxicos das covas da Serra da Encina da Lastra». *Furada, Revista dos Espeleólogos Gallegos* 2: 35-40.
- VIDAL ENCINAS, J. M., C. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, M. E. PRADA e M. N. FUERTES (2008). «Los hombres Mesolíticos de la Braña-Arintero (Valdelugeros, León): un hallazgo funerario excepcional en la vertiente meridional de la Cordillera Cantábrica». *Férvedes* 5: 153-164.
- VIDAL ROMANÍ, J. R., D. FERNÁNDEZ MOSQUERA, K. MARTI e A. DE BRUM FERREIRA (1999). «Nuevos datos para la cronología glacial pleistocena en el NW de la Península Ibérica». *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 24: 7-29.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (1997). «El Paleolítico Inferior y Medio en Ourense». En *II Congreso de Arqueología Peninsular. Zamora, 1996. Vol. I*: 15-26.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (2003). «Intervención arqueológica en la Cova do Rei Cintolo (Mondoñedo, Lugo): Resultados preliminares de la campaña del año 2002». *CROA* 13: 57-72.
- VILLAR QUINTEIRO, R. (2007). «La Cueva del Rei Cintolo (Lugo, Galicia): algunos datos cronoarqueológicos de la galería superior». *Gallaecia* 26: 31-53.
- VILLAR QUINTEIRO, R., Ed. (2009). *Chan do Cereixo (Donas, Gondomar): una actualización del Paleolítico Inferior en Galicia*. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ZILHAO, J. (2006). «Chronostratigraphy of the Middle-to-Upper Paleolithic Transition in the Iberian Peninsula». *Pyrenae* 37(1): 7-84.